

Programa:

Venres 19 de abril

Pola mañá Encontro poético con alumnado do IESA Xunqueira I, IES Sánchez Cantón e IES Valle-Inclán.

18:30 *Teatro Principal de Pontevedra* (rúa de Paio Gómez Charíño s/n).
Inauguración de PontePoética 3 e recital dos poetas:

Claudio Rodríguez Fer
Marta Dacosta
Roger Wolfe

Presenta: *Xaime Toxo*

20:00 *Teatro Principal de Pontevedra*. Recital dos poetas:

Raquel Lanseros
Lino Braxe
Rosa Alice Branco

Presenta: *Goretti Canario*

22:30 *Pub Pequeño Karma* (rúa de Paio Gómez Charíño, 29, baixo).
Performance poético-musical:

"A MARCHA DA SOMBRA. Poesía en vivo con voz, corpo e alma"
Claudio Pozzani

Sábado 20 de abril

18:30 *Teatro Principal de Pontevedra*. Recital dos poetas:

María do Cebreiro
Biel Mesquida
Claudio Pozzani

Presenta: *Antón Sobral*

20:00 *Teatro Principal de Pontevedra*. Recital final con todos os poetas
participantes e clausura de PontePoética 3.

Lino Braxe, Raquel Lanseros, Claudio Rodríguez Fer, Rosa Alice
Branco, Biel Mesquida, Marta Dacosta, Roger Wolfe, Kirmen Uribe,
María do Cebreiro e Claudio Pozzani.

Presenta: *Yolanda Castaño*

Domingo 21 de abril

11:00 *Fundación Cuña-Casasbellas*. Sala Versus (rúa de Xerardo Álvarez
Limeses, 12). Obradoiro especializado de Poesía:

Kirmen Uribe

Promove: Concello de Pontevedra



PontePoética 3

festival de poesía

19, 20 e 21 de abril
2013

Dirección do Festival: Yolanda Castaño

Deserto: Carmen Hermo




Colabora: Ateneo de Pontevedra

Teatro Principal de Pontevedra
e outros espazos da cidade



Marta Dacosta

Vigo, 1966. Autora dos libros de poesía: *Crear o mar en Compostela*, Premio de Poesía O Grelo (1993); *Pel de ameixa*, Premio González Garcés (1995); *Selembro*, Premio Martín Códax (1998); *En atalaia alerta*, accésit do Premio Esquíu (1999); *As Amantes de Hamlet* (2003); *Cinza* (2009), e *Acuática alma* (2011). Publicou o libro de viaxes *Baixo Miño*, investigou sobre a sintaxe do galego medieval e ten publicado estudos sobre a obra poética de Manuel María, Méndez Ferrín ou Victoriano Taibo. A súa obra poética está recollida en diversas antoloxías, nalgunhas traducida ao ruso ou ao catalán.



Claudio Rodríguez Fer

Poeta, narrador, autor teatral e ensaísta lucense, de orientación erótica, humanista e libertaria. Reuniu a súa poesía en *Amores e clamores* e a narrativa en *Contos e descontos*, ademais de cultivar a poesía visual en *Cinipoemas* e outras obras. Traducido e premiado dentro e fóra de Galicia. Dirixe a Cátedra Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago e foi profesor visitante en universidades de Nova York e Bretaña (onde é Doutor Honoris Causa). Coordina os cadernos *Unión Libre* e é autor de libros e edicións sobre Dostoievski, Antonio Machado, Borges e moi numerosos autores galegos.



Roger Wolfe

Naceu en 1962 en Westerham, condado de Kent, Inglaterra. Reside en España dende a infancia. Publicou unha vintena de libros, que abranguen a poesía, o relato, o ensaio, a novela e o diario. Entre os de poemas, constan títulos como *Diecisiete poemas* (1986), *Hablando de pintura con un ciego* (1993), *Arde Babilonia* (1994), *Cinco años de cama* (1998), *El invento*. (Antología Poética) (2001), *Días sin pan* (2007) ou *Afuera canta un mirlo* (2009). Está considerado o creador máis vigoroso, orixinal e independente da súa xeración e un dos grandes escritores vivos en lingua castelá.



Foto Carmen Lafuente




Raquel Lanseros

Jerez de la Frontera, 1973. Publicou os libros de poemas *Leyendas del Promontorio*, *Diario de un destello* -traducido e publicado en Francia baixo o título *Journal d'un scintillement-*, *Los ojos de la niebla* e *Croniría* -en España, Arxentina e Colombia-. Así mesmo, a súa obra foi reunida nas antoloxías persoais *La acacia roja*, *Un sueño dentro de un sueño* e *A las órdenes del viento*. Entre os galardóns que recibiu pola súa obra poética destacan o Premio Unicaja de Poesía, un Accésit do Premio Adonáis, o Premio de Poesía del Tren 2011 e o Premio Antonio Machado en Baeza.

María do Cebreiro

Poeta, autora dos libros de poemas *O estadio do espello* (1998), *(nos, as inadaptadas)* (2002), *Non queres que o poema te coñeza* (2004), *O barrio das chinesas* (2005), *Os Hemisferios* (2006), a antoloxía *Objetos perdidos/Objectos perdidos* (2007), *Cuarto de outono* (2008) e *Non son de aquí* (2009), traducido ao inglés baixo o título *I am not from here* (Shearsman Books, 2010). En colaboración con Xosé Carlos Hidalgo Lomba deu ao prelo os libros *Poemas históricos* (2011) e *O grupo* (2012).



Biel Mesquida

Poeta, biólogo e xornalista. Gañou o Premio Prudenci Bertrana con *El adolescent de sal* (1973), o Premio da Crítica (1995) e o Premio Ciudad de Barcelona (1996) con *Excelsior o el tiempo escrito*, o Premio Ciudad de Palma-Llorenç Villalonga con *Vértigos* (1998) e o Premio Nacional de Literatura con *Los detalles del mundo*. Os seus libros de poemas máis significativos son: *Notas de tiempo y viceversa* (1971), *El bello país donde los hombres desean a los hombres* (1974), *The Blazing Library* (1985) e *Como pasos de pájaro en el aire* (1994). Fixo tamén teatro, traducións, radio e guións de televisión e de cine. O seu último libro de poemas é *Goloso de ti* (2012). Colabora de xeito habitual no *Diario de Mallorca* e *El Ara*, a revista *El Mirall* e diversas publicacións estatais. No ano 2005 foi galardoado coa Cruz de Sant Jordi da Generalitat de Catalunya.



Foto Toni Catany



Kirmen Uribe

Nacido en Ondarroa (Biscaia) en 1970, licenciouse en Filoloxía Vasca e cursou estudos de posgrao de Literatura Comparada en Trento. A súa novela *Bilbao-New York-Bilbao* (edición en castelán: *Seix Barral*, 2010) foi todo un acontecemento literario, traducido a doce idiomas, e por el obtivo o Premio Nacional de Narrativa e o Premio da Crítica en éuscaro. É autor de proxectos multimedia que combinan a literatura con diferentes disciplinas artísticas. O seu libro de poemas *Bitartean heldu eskutik* (*Mientras tanto dáme a man*, 2003), foi galardoado co Premio da Crítica e elixido finalista ao mellor libro de poesía traducido ao inglés en 2007 polo PEN American Center. Colaborador en varios medios de comunicación como *The New Yorker*, en 2011 recibiu o Premio de Xornalismo El Correo-Vocento polo seu artigo "El derecho a la individualidad".




Rosa Alice Branco

Poeta, ensaísta, investigadora e tradutora. Doutorada en Filosofía Contemporánea, é docente da disciplina "Teoría da Percepción" na ESAD. Organizou publicacións, coloquios e encontros internacionais de Poesía. Integra a Unidade de Investigación en Deseño, Media e Cultura (I+D). Ten libros de poemas publicados en Italia, Brasil, Suíza, Luxemburgo, Canadá, Tunisia, España, Venezuela (obra reunida) e Córcega. En Portugal, acaba de saír o seu décimo libro, *Concerto ao Vivo*, pola editorial & ETC (2012). Publicou libros de ensaio: *A percepção visual em Berkeley* e *O que falta ao mundo para ser quadro*, tendo saído en 2009, no Brasil, *A condição secreta do visível - ensaio sobre a percepção na natureza e nas artes*. En 2009 gaña o Premio de Poesía Espiral Maior co libro *Gado do Senhor*, que saiu en Galicia nese mesmo ano. En 2012, foi a representante da Poesía portuguesa nas Olimpíadas de Poesía, en Londres.



Claudio Pozzani

Poeta, novelista e artista italiano, nacido en Xénova en 1961. Participou nos festivais literarios e feiras do libro máis importantes a nivel internacional (Europa, Asia, África, Suramérica e Norteamérica). Entre os libros que publicou atópase a selección de poemas en edición bilingüe (italiano-francés) titulada *Saudade & Spleen, Cette Page Dechiree* e a novela *Kate et moi*. En 2010 publicou o CD de poemas *La Marcia dell'Ombra* -cos músicos Fabio Vernizzi e Andrea Vialardi- que chegou á duodécima posición dos 100 da radio independente italiana, por primeira vez para un disco de poesía. Pozzani creou e organizou numerosas manifestacións internacionais de poesía en Italia e no exterior.



Lino Braxe

Mugardos, 1962. Poeta, guionista, narrador e dramaturgo, traballa actualmente como actor e director de teatro. Exerceu o xornalismo durante dez anos en RNE, adaptando para a radio a obra dramática completa de Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor. Como poeta estreouse en 1990 con *Banquete*, ao que seguirían unha decena de títulos máis entre os que salientan *Entre ruínas* (1996), *Ardora* (1997), *O sangue dos árabes* (1999), *A caricia da serpe* (1999), *Alaridos* (2006) ou *Baixo o sol de Mesina* (2008). Fundador da revista "Luzes de Galiza" e responsable de diversas edicións, é así mesmo autor de títulos de narrativa, teatro, literatura infanto-xuvenil e numerosísimas obras colectivas. Foi traducido ao italiano, castelán, francés e neerlandés. Forma parte do grupo "A caricia da serpe", no que canta e recita os seus propios textos. En solitario ou con esta formación, Braxe ten amosado o seu traballo en escenarios de Italia, Portugal, Países Baixos, Bélxica, Cuba, Arxentina e diferentes cidades de España.

